



CURSO 2023/24. RECLAMACIÓN

26 e 27 de xuño de 10:00 a 13:00.

- *Revisión dos exames* ante o profesorado. Preferiblemente con cita previa, enviando un correo á dirección ies.carral@edu.xunta.gal ou ben chamando ao centro.
- Solicitude razoada por escrito de *reclamación ás cualificacións* ante os Departamentos. SERÁ NECESARIA UNHA SOLICITUDE DE RECLAMACIÓN POR MATERIA E CURSO. Mediante instancia que está dispoñible na páxina web do centro (Alumnado/Impresos). Serán entregadas na Administración do Instituto.
- Solicitude razoada por escrito de *reclamación á decisión da non promoción ou titulación* ante a Xunta de Avaliación. Mediante instancia que está dispoñible na páxina web do centro (Alumnado/Impresos). Serán entregadas na Administración do Instituto.

28 de xuño.

Entrega na Administración do centro da *resolución dos Departamentos* ou ben *da Xunta de Avaliación aos reclamantes*. Contra esta resolución os reclamantes poden solicitar que o Director remita o expediente de reclamación á Xefatura Territorial. A solicitude farase a través da instancia correspondente (Alumnado/Impresos) e entregarase na Administración do centro antes das **13:00 do día 2 de xullo**.

ANEXO I: Criterios de promoción na ESO

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece na ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 28. Promoción

Acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que supere as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Para os efectos deste cómputo, as materias agrupadas nun ámbito non superado contarase de xeito independente. Ademais, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran **todas** as condicións seguintes:



- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que a suma dos períodos lectivos semanais establecidos no anexo IV do Decreto 156/2022, do 15 de setembro, das materias ou dos ámbitos con avaliación negativa non sexa superior a dez. Para estes efectos, non se considerarán as materias pendentes de cursos anteriores nin as horas de libre disposición.
- c) Que o equipo docente considere que as materias ou os ámbitos con avaliación negativa non lle impiden seguir con éxito o curso seguinte.
- d) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- e) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

ANEXO II: Criterios para a obtención do título da ESO

Artigo 29. Titulación

O alumnado que supere todas as materias ou os ámbitos cursados obterá o título de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén **todas** as condicións seguintes:

- a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias e en todos os ámbitos en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
- b) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno adquirira as competencias clave establecidas no perfil de saída.
- c) Que, a xuízo do equipo docente, a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa. Para estes efectos, nos criterios de titulación establecidos polos centros docentes non se poderán fixar número nin tipoloxía de materias non superadas.